A scenic view of a bay with steep, dark cliffs and a small boat with people in the foreground. The water is calm, reflecting the sky and the surrounding landscape. The cliffs are rugged and dark, with some greenery visible on the left side. The sky is blue with some white clouds. The overall atmosphere is serene and majestic.

RECURSOS E ATRACTIVOS PARA USAR NA EXPERIENCIA



FASE 6.1.: RECURSOS E ATRACTIVOS

RECURSOS TURÍSTICOS (OMT)

“Todos os bens e servizos que, por intermedio da actividade do home e dos medios cos que conta fan posible a actividade turística e satisfán as necesidades da demanda.”.

A OMT deseñou unha ferramenta denominada “Modelo FAS” (factores e recursos, atractores e sistemas de apoio), que permite clasificar os compoñentes dun sistema turístico nun destino e analizar as relacións que se producen entre eles.

- Factores e recursos
- Atractores
- Sistemas de apoio





FASE 6.1.: RECURSOS E ATRACTIVOS

FACTORES E RECURSOS

O modelo cualifica como tales os compoñentes intrínsecos do territorio. Dentro deste bloque están:

- Patrimonio natural.
- Patrimonio cultural.
- Capital e infraestrutura.
- Recursos humanos

Todos aparecen á súa vez divididos en distintas tipoloxías (por exemplo, o patrimonio natural divídese en terra, auga, clima, etc.).




Recursos naturais



Clawson e Knetsh

Parten de tres criterios e, en función da combinación destes criterios, xorden tres clases de recursos



Clasificación de recursos turísticos

Swarbrooke ofrece unha división elemental en catro tipos de produtos turísticos



Elementos do medio natural



Patrimonio humano non construído para finalidades turísticas, pero que co tempo adoptaron un uso turístico



Elementos expresamente construídos para os turistas



Acontecementos

Clasificación de recursos turísticos (Jansen-Verbeke)

ELEMENTOS PRIMARIOS




Equipamento cultural, salas de concerto, cines, exposicións, museos e galerías de arte, teatros, equipamentos deportivos, equipamentos recreativos, salas de bingo, casinos, *night clubs*, acontecementos organizados, elementos históricos e patrimoniais, características socioculturais, etc.

ELEMENTOS SECUNDARIOS



Aloxamento, mercados, comercios, etc.

ELEMENTOS ADICIONAIS



Accesos, zonas de aparcadoiro, puntos de información turística, sinalización turística, etc.

Clasificación de recursos turísticos de Gunn

Gunn clasifica os recursos en **básicos** ou **complementarios**. Segundo esta autora, o criterio para distinguir entre recursos é o seu grao de funcionalidade ou utilidade para conseguir que o produto turístico do destino sexa rendible.




Clasificación de atractivos de Leask

Esta clasificación permite estructurar las atracciones de un destino alrededor de diferentes ejes.

Este método de clasificación permite localizar a multitude de tipos de atracciones existentes dentro dunha escala ou gradación. En un extremo se sitúan las atracciones que están construídas ou diseñadas para a recepción de visitantes, mentres que no outro extremo aparecerían as que non están pensadas para esta finalidade nin teñen facilidade para adaptarse a ela

Figura 1. Clasificación de las atracciones de Leask.



Fuente: A. Leask (2003). "The nature and purpose of visitor attractions". *Managing Visitor Attractions: New Directions* (pág. 5-15).



FASE 6.1.: RECURSOS E ATRACTIVOS

CLASIFICACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS

Método proposto por Corna Pellegrini:

Diferenza os recursos orixinais (por exemplo, un monumento) e recursos complementarios (por exemplo, o equipamento deportivo).





FASE 6.1.: RECURSOS E ATRACTIVOS

Tipos de recursos turísticos

Método de Pierre Defert :

- **Hidromo - Asociados á auga**, como as praias e os ríos, onde se realizan numerosas actividades
- **Phitomo - Asociados á terra**, coma o clima, os montes, as paisaxes, as covas, as formacións xeolóxicas singulares, etc.
- **Litomo - Asociados á historia**, onde se inclúen todos os elementos de interese construídos polo home, como restos arqueolóxicos, arquitectura, museos, urbanismo, etc.
- **Antropomo - Asociados ao home**, como a gastronomía, a artesanía, as festas populares e un gran número de actividades vinculadas á tradición e á cultura dos pobos, que nos últimos anos adquiriron unha gran relevancia.



FASE 6.1.: RECURSOS E ATRACTIVOS

ATRACTORES

O modelo FAS defíneos como aqueles elementos que poden considerarse atraccións turísticas, isto é, que teñen a capacidade de xerar interese para os e as turistas e que poden condicionar a elección do destino.

Os atractores divídense nas seguintes categorías:

- Naturais
- Culturais
- Artificiais

A diferenza entre os recursos e os atractores radia en que estes últimos pasaron por unha intervención humana para a súa posta en valor e aproveitamento turístico.

Un determinado patrimonio natural (por exemplo, un monte), para que se considere atractor debe ser intervindo para poñelo en valor. Para iso, pódense crear infraestruturas para o aloxamento ou o desfrute xeral, como sucede en numerosos parques nacionais nos Estados Unidos, ou realizarse itinerarios e outras actividades naturais (barranquismo en Benasque, Huesca –España-, por exemplo).

Con relación ao patrimonio cultural ocorre algo parecido ao que sucede co natural. Un evento histórico ocorrido no destino, para considerarse atractor, deberá intervirse mediante, por exemplo, a representación teatralizada do sucedido, a creación dun museo de sitio ou outras accións que permitan poñelo en valor e, deste xeito, que sexa desfrutado polo turismo.



FASE 6.1.: RECURSOS E ATRACTIVOS

SISTEMAS DE APOIO

Por último, o modelo FAS da OMT analiza os elementos que completan la estrutura dos destinos turísticos.

Estes sistemas de apoio dan estrutura ao destino, de feito, a súa presenza é unha condición necesaria para o desenvolvemento da actividade turística. Os sistemas de apoio divídense en:

- Aloxamento e restauración
- Transporte
- Servizos complementarios



ALOXAMENTO

O aloxamento distribúese polo destino, seguindo unha pauta de localización de actividades baseada na proximidade e accesibilidade ás infraestruturas e servizos.

Os tipos de aloxamento son moi variados, así como as necesidades e obxectivos das visitas dos turistas.

A demanda de aloxamento é moi diversa e, segundo as súas características, preferencias e orientación vacacional, pode ter un impacto diferente na xestión do aloxamento.



RESTAURACIÓN

É un dos servizos máis empregados polos turistas como forma de consumo directo inmediato e, ademais, proporciona provisión aos aloxamentos.

A pesar de que resulta difícil separar o emprego turístico deste servizo do dos residentes, os elementos de restauración revisten dúas tendencias de localización nos destinos:

- A agrupación en áreas específicas ben delimitadas
- A asociación ou contigüidade espacial co resto de elementos turísticos



COMERCIO

Existen varios factores clave para captar a atención dos visitantes de ocio a través dos comercios:

A asociación coa calidade ambiental das cidades que xera unha atmosfera propicia para o paseo e uso do espazo público.

- A variedade de oferta comercial; la propensión de gasto do turista adoita aumentar ante a agrupación de diferentes actividades comerciais.
- Algunhas características da propia demanda inciden na propensión a comprar, especialmente o nivel adquisitivo e a duración da estancia.



A person with long dark hair, wearing an orange life vest and pink shorts, is seen from behind while sitting in a blue canoe. They are holding a black paddle over turquoise water. In the background, there are steep, rocky mountains with patches of snow and green forest. The sky is blue with some clouds.

QUE TIPOS DE ACTIVIDADES SE REALIZARÁN?

FASE 6.2.: ACTIVIDADES


Segundo os autores Pine y Gilmore (1998), estas experiencias preséntanse teatralizando a vivencia dos turistas.

Entretenemento: As actividades deste dominio son as mais desenvolvidas e comúns. Son absorbidas polos clientes de maneira pasiva a través dos seus sentidos; por exemplo, asistir a un concerto, unha obra de teatro, a presentación dunha lenda por parte dun guía turístico, etc.

Educativas: Neste dominio as experiencias levan o turista ou á turista a absorber os sucesos que se desenvolven ante el ou ela mentres ten unha participación activa de mente e corpo. Por exemplo, un curso de elaboración de queixos, vídeos explicativos de aspectos históricos, unha visita guiada nun museo interactivo...

Escapistas: As experiencias escapistas involucran moito máis as persoas, xa que o cliente queda totalmente inmerso e participa de forma activa. Exemplo disto son os parques de diversión, obradoiros de cociña, embotellado de bebidas, actividades agrícolas ou gandeiras realizadas por turistas, etc.


Estéticas: No aspecto estético, a persoa somerxese nun medio, pero sen realizar modificacións nel; con todo, o medio xera un efecto nela. Por exemplo, visitar unha galería de arte, admirar a beleza dunha paisaxe, pasear por lugares singulares, etc.



“SENTIR”

ABSORCIÓN

“APRENDER”



Cales van
ser os
componentes
visuais?
ESTÉTICO





QUE FARÁN OS
TURISTAS?
ESCAPISTA





QUE VAN
APRENDER?

EDUCATIVO



QUE OPCIONES DE ENTRETENIMIENTO IMOS PRESTARLES?

ENTRETENIMIENTO





FASE 6.2.: ACTIVIDADES

Dimensión estética e dimensión educativa (*fostering appreciation*, en terminoloxía de Pine e Gilmore): os procesos educativos ou de transmisión do coñecemento están condicionados en parte polos lugares onde se realizan. Así, por exemplo, o impacto emocional dun curso de cociña conventual cambia radicalmente se se realiza nun salón de clases tradicional ou incluso nunha cociña industrial, ou se se leva a cabo nunha cociña dun convento do século XV.

Dimensión estética e dimensión de entretemento (*having presence*, en terminoloxía de Pine e Gilmore): unha narración dunha lenda deixará lembranzas diferentes se se realiza nun escenario adecuado e coherente coa historia narrada e se a ambientación é a axeitada: vestimenta dos narradores, música e iluminación de acompañamento, etc.

Dimensión estética y dimensión escapista (*altering state*, en terminoloxía de Pine e Gilmore): por todo o mundo atopamos innumerables campos para a práctica de paintball, esa práctica consistente en simular unha batalla onde os xogadores van provistos dunha escopeta que lanza bolas de pintura. Algúns propietarios deste tipo de campos consideraron óptima a tematización das batallas acada maior atracción, polo que se desenvolveron escenarios representando distintos eventos históricos reais ou imaxinarios, pasados ou futuros.

Dimensión educativa y dimensión escapista (*changing context*, en terminoloxía de Pino e Gilmore): como ben sinala George Kembel: “Apréndese facendo e non escoitando un profesor”, polo que se deben sinalar actividades que lles permitan ás e os turistas facer en lugar de escoitar a presentación dun mediador ou mediadora. A participación activa permitirá lograr mellor o obxectivo de transmitir o coñecemento e de que a experiencia se lembre. Debe pensarse, por exemplo, nunha actividade destinada a diferenciar os tipos de cervexa. Transformar unha simple exposición por parte dun mestre da cervexa nun obradoiro de análise sensorial no que os turistas poden ir probando e avaliando os atributos da cervexa mellorará o proceso ensinanza-aprendizaxe e o recordo da actividade.



FASE 6.2.: ACTIVIDADES

Dimensión educativa e dimensión de entretemento (*holding attention*, en terminología de Pine y Gilmore): na experiencia educativa de todas as persoas hai innumerables exemplos que permiten entender que o contido transmitido é asimilado dun mellor xeito cando quen o transmite é máis accesible, amistoso, alegre, optimista, positivo, etc.

Dimensión escapista e de entretemento (*creating catarsis*, en terminoloxía de Pine e Gilmore): nalgunhas ocasións é posible unir as actividades de adestramento coa inmersión e a participación activa. Este é o caso de Edimburgo (Escocia) onde a zona antiga, coñecida como Old Town, foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1995 e trátase dun precioso lugar ateigado de calellas para perderse. Dentro das moitas actividades que se poden facer na cidade está a visita a algúns dos innumerables pubs nos que desfrutar dunha boa cervexa ou whisky de malta mentres escoitas música en directo. Se es dos que sabe tocar un instrumento e non che dá moita vergonza facelo en público, non dubides en dicirlllo aos músicos que están tocando: vante invitar a unirte a eles mentres lles levas unha pinta de cervexa de regalo.



QUEN SERÁN LOS MEDIADORES E QUE NOS CONTARÁN?



FASE 6.3.: MEDIADORES

A personaxe (ou personaxes) seleccionada para cada un dos episodios debe contribuír a acadar os obxectivos fixados. Así, tanto o mediador seleccionado coma o guión da narración deben contribuír, tanto polo que comunican como polo que son. Coma en calquera tipo de historia, é un erro consagrar a experiencia a unha única personaxe, sexa esta guía de turistas ou calquera outro mediador. A historia que lle imos contar ao turista durante a experiencia debe presentar visións e vertentes distintas que acheguen máis interese e que permitan estruturala dun modo holístico. Deste xeito, a participación de diversas personaxes ao longo dos episodios permitirá que o oínte vaia construíndo unha visión con múltiples vertentes, intereses e perspectivas.

O papel dos guías, que poden acompañar durante toda a experiencia, debe ser o de converterse nun “pegamento” que permita dar continuidade ás distintas accións e intervencións dos mediadores, de tal modo que sirvan de introdución para poñelas en contexto.

Para a elección da personaxe que debe actuar coma mediador ou mediadora en cada episodio, a empresa debe propoñer cinco preguntas:

- Cal é o obxectivo do episodio?
- Cal é o contido da actividade?
- Que imos contar?
- A quen llo imos contar?
- Como o imos contar?





FASE 6.3.: MEDIADORES

Modelo de caracterización das personaxes

A caracterización dunha personaxe como mediadora dunha experiencia turística ten tres vertentes:

- A presenza
- A situación
- A acción e narración

Cada unha das vertentes agrupa, á súa vez, unha serie de atributos ou características.

A presenza:

Trazos indicativos: imaxe que dá o mediador e que transmite certa información sobre a persoa. Relaciónanse sobre todo co aspecto físico.

Elementos complementarios: todos aqueles aspectos da personaxe que a caracterizan externamente, como a súa vestimenta, postura, complementos, etc.

A situación:

Refírese ao escenario no que se desenvolve o episodio. Os elementos estéticos destes episodios da experiencia analizáronse no capítulo anterior. A ambientación do espazo onde se realiza a acción (decoración, música, iluminación, temperatura, olor, etc.) toma especial relevancia na percepción que vai ter o turista da personaxe e da súa narración.

Acción e narración:


O guión que presenta a narración do mediador ou mediadora debe apoiarse en:

- **Elementos internos:** constituídos polos pensamentos e sentimentos da personaxe.
- **Elementos externos:** xestos, expresións e postura da personaxe.
- **Elementos laterais:** accións ou situacións que se desenvolven de modo paralelo, no mesmo escenario onde se sitúa a personaxe.





FASE 6.3.: MEDIADORES





FASE 6.3.: MEDIADORES

O guión

A participación do mediador ou mediadora na experiencia debe considerarse como a interpretación dun actor ou actriz nunha representación teatral.

Aínda que sempre hai que deixar certa marxe á improvisación para mellorar a narración e adaptala á situación particular de cada execución, debe existir un guión base no que se recolla todo o que se quere comunicar.

Para redactar o guión débese:

1_Definir estilo, clima e ton: debe decidirse se se trata dun estilo realista, cómico ou doutro tipo; se o ambiente que buscamos xerar é tenso, divertido ou doutro tipo; se o ton debe ser transcendente, desenfadado ou intermedio.



2_Manter a estrutura básica de presentación, no e desenvolvemento. Na presentación debe mostrarse o contexto xeral do episodio e introducir os mediadores e a súa relación coa acción que se vai levar a cabo. Durante a presentación marcarase un punto de inflexión que determine o cambio á seguinte fase. Esta segunda fase, o no, ten que afondar nos elementos centrais do episodio e resolver os “conflitos” que a acción e o mediador poidan presentar, ata chegar a un novo punto de inflexión que levará o turista cara ao desenlace. Ao comezo desta última fase ou no final da anterior débese situar o elementos de máxima intensidade emocional do episodio, así como resolver e pechar a participación do mediador.

3_Identificar os puntos de participación activa dos turistas: deben utilizarse diferentes ferramentas que permitan integrais na presentación ata xerar diálogos cos mediadores. Unha ferramenta habitual para conseguilo son as preguntas indirectas, pero recoméndase explorar máis alternativas, como, por exemplo, a gamificación, que sempre resulta interesante.

4_Redactar o guión seguindo os principios de brevidade, precisión, claridade e necesidade.



COMO XERAR EMOCIÓN E SENTIMENTOS?



FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

Definición:

Diversos autores achegan definicións sobre as emocións, entre as que destacan a de Denzin: “**experiencia corporal viva, veraz, situada e transitoria que impregna o fluxo de conciencia dunha persoa e que se percibe no interior (...)**”.

Pola súa banda, Lawler define as emocións como “**estados avaliativos, positivos ou negativos, relativamente breves, que teñen elementos fisiolóxicos, neurolóxicos e cognitivos**”.

Con características similares ás de Lawler, Brody¹⁴⁹ defíneas como “**aqueles sistemas motivacionais que teñen compoñentes de tipo fisiolóxico, conductual, experiencial e cognitivo; pódense considerar como positivas ou negativas, con niveis de intensidade variables e que normalmente están provocadas por elementos externos ou internos que modifican o noso estado de ánimo**”,

Deste modo, vemos que se pode afirmar que unha emoción é un conxunto de respostas neuroquímicas e hormonais que nos predispoñen a reaccionar de certa maneira ante un estímulo externo (algo que vexo, oio, toco, cheiro ou degusto), ou interno (pensamento, recordo, imaxes mentais, etc.).





FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

Compoñentes das emocións

1. **Desencadeantes:** as emocións xorden da interacción entre os significados que para as persoas teñen as situacións e os intereses
2. **Procesamento cognitivo** típico e diferenciador implicado en cada emoción: proceso de valoración responsable de que a persoa experimente unha emoción determinada.
3. Con respecto aos seus **efectos** hai que ter en conta que as emocións son **multifactoriais**.






FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

Efectos das emocións

- a) **Efectos subxectivos:** sensacións ou sentimentos que producen as reaccións emocionais.
- b) **Efectos fisiolóxicos:** cambios e alteracións que se producen no SNC, SNP e sistema endócrino.
- c) **Efectos funcionais:** comportamentais que producen as emocións e que fan que as persoas se preparen para a acción.
- d) **Efectos sociais:** comunicación ou exteriorización das emocións mediante expresión facial, postura e entoación.




FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS



Robert Plutchik identifica cuatro emociones básicas positivas (alegría, confianza, sorpresa e anticipación) e cuatro negativas (medo, tristeza, aversión e ira).



FASE 6.4.: EMOCIONES E SENTIMENTOS




Pola súa banda, Díaz e Flores propoñen un modelo tamén circular encadrado mediante dous eixes principais. O primeiro deles mide o nivel de activación da emoción (excitación fronte a relaxación) e, o segundo, o valor hedónico da emoción (agrado fronte a desagrado).



FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

DESENCADEANTES:



Segundo un estudo sobre neuromárketing realizado pola Universidade Rockefeller de Nova York, a capacidade das persoas para lembrar experiencias sensoriais é: 1 % do que tocan, 2 % do que oen, 5 % do que ven, 15 % do que saborean e 35 % do que cheiran.

Pode comprobarse sen moita dificultade que as empresas adoitan deseñar as súas experiencias turísticas prestando atención aos sentidos en orde case contrario ao identificado polo estudo, de tal xeito que se lle dá relevancia aos sentidos do oído e da vista.



FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

DETONANTES:


Vista:

Nunha experiencia turística a vista pode actuar de detonante de emocións de diversos modos:

O primeiro deles refírese, como é obvio, a aquilo que os turistas van ver durante o episodio. Os elementos que compoñen a presentación visual (medio, paisaxe, mobiliario, etc.), a súa disposición e deseño poden empregarse como detonantes emocionais. Unha determinada vista dunha paisaxe ou o lugar de observación dunha actividade son exemplos desta categoría.

O segundo fai referencia ao tipo de iluminación e, en particular, á súa intensidade. O emprego de iluminación indirecta de baixa intensidade serve de detonante dunha emoción de calma no modelo de Díaz e Flores.

O último relaciónase co emprego das cores nos elementos de ambientación (decoración, mobiliario, vestimenta, etc.).



Tequisquiapan, Querétaro, México



FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

DETONANTES:

O sentido do oído, xunto co da vista, é un dos que se empregaron tradicionalmente na execución dunha experiencia turística, xa que é así como se levan a cabo a meirande parte das comunicacións entre as e os mediadores e as persoas que están vivindo a experiencia. O oído pode actuar de detonante de emocións de diversos modos:

O primeiro fai referencia á forma de comunicación entre mediadores e clientela. É importante definir non so o contido (do que xa se falou no apartado dos guiños), senón tamén o ton, ritmo e a curva de entoación. Algúns consellos para mellorar este aspecto son: falar amodo e dun xeito claro e directo, poñer énfase en certas palabras e conceptos, esforzarse en pronunciar correctamente cada palabra, proxectas a voz cara ás e aos turistas e evitar o uso de retrousos.

O segundo deles ten que ver coa música de ambientación, a excepción de nas situacións nas que a música é o elemento principal da actividade, esta debe comportarse como un compoñente máis da ambientación da escena, polo que debe ser coherente coa acción e achegar valor á escenificación, pero sen dexenerar en ruído que dificulte a comunicación.

O terceiro está relacionado cos efectos sonoros. Estes dotan de maior sentido a escenificación da acción. Por exemplo, pódese pensar en cando se bate a porta, na rotura dun cristal, un berro, un murmurio, etc.: todos estes efectos permitirán dotar de dramatismo á acción, o que provocara un maior impacto emocional nas persoas que a seguen.





FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

DETONANTES:

OLFACTO:

O sentido do olfacto carece dunha linguaxe específica para identificar ou cualificar os olores, motivo polo que tendemos a dotalos de atributos relativos a outros sentidos (por exemplo, adoita dicirse que algo cheira “doce”).

O emprego do sentido do olfacto durante a experiencia ten unha dobre vertente:

A primeira refírese ao olor como compoñente do medio. O aroma que perciben as persoas á hora de realizar algunha actividade dentro dunha experiencia pode estar relacionado coas condicións propias do escenario onde se realiza.

A segunda refírese ás actividades, xogos ou desafíos directamente relacionados co olfacto. En diversas experiencias turísticas poden xerarse actividades baseadas neste sentido.

Zoco de Marrakech, Marruecos.





FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

DETONANTES:

GUSTO:

O sentido do gusto é probablemente o menos independente de todos. Unha parte importante da percepción gustativa xérase, en realidade, a través do sentido do olfacto, e os sabores que notamos son unha unión do que percibimos mediante a boca e a garganta e o que nos chega a través da nariz. Aínda máis: como calquera bo hostaleiro sabe, a combinación de estímulos procedentes dos outros catro sentido inflúe claramente sobre o positivo e o pracenteiro que poida ser o consumo dun alimento.

TACTO:

O sentido do tacto permítelles ás persoas obter información relativa á temperatura, dureza e textura do medio e dos obxectos que o compoñen. Asemade, achega información sobre a presión e a dor exercidas sobre o noso corpo.







FASE 6.4.: EMOCIÓN E SENTIMENTOS

INTENSIDADE EMOCIONAL:

Unha vez deseñado o modo no que se empregarán os sentidos en cada unha das actividades integrantes dos episodios, medirase a intensidade emocional de cada unha delas co obxectivo de xerar o mapa emocional da experiencia turística.





FIN POR HOXE

